

Nome da comunicación

REDE WIMAX NO CONCELLO DE ZAS

Entidade



CONCELLO DE ZAS

Responsables da comunicación

ISABEL AGRA POSE(AEDL Concello de Zas)

A REDE WIMAX NO CONCELLO DE ZAS

Existen diferentes tecnoloxías coas que actualmente se levan a cabo proxectos de internet en entornos rurais, sendo as máis habituais e común o Wifi e Wimax.

O Concello de Zas é un concello rural, no que como moitos outros concellos do rural, se daba a circunstancia de que parte da poboación non podía ter acceso a internet, a través de banda ancha.

Para solucionar este problema, decidiuse poñernos en contacto con diferentes empresas, para ver as posibles solución coas que podíamos contar.

Así contábamos con dúas opcións, a Wifi, que é una tecnoloxía destinada a proveer de conectividade inalámbrica en banda ancha a espazos dun radio reducido, pensada basicamente para o desenvolvemento de redes inalámbricas, e calquera uso de maior alcance, está exposto a un excesivo risco de interferencias.

A outra opción era Wimax (Worldwide Interoperability for Microwave Access), como unha tecnoloxía destinada á creación de redes de áreas metropolitanas inalámbricas (Wireless MAN), que proporciona conectividade nun radio aproximado de 50 Km. Wimax, non é unha tecnoloxía alternativa a Wifi, senon complementaria.

Tendo en conta as diferencias entre as dúas tecnoloxías, no ano 2009 elaborouse o proxecto de instalación da rede Wimax no concello, para poder dar cobertura de banda ancha (internet e telefonía) sen fíos, e así dar solución as constantes demandas tanto da poboación, como do sector empresarial.

O proxecto foi executado ao longo dos anos 2010 e 2011 ,e para a instalación da rede necesitouse de catro estacións base no Pico de Meda, Meanos, Gándara e Brandomil. Estas antenas emiten unha sinal, que en cada fogar será captada por un equipo receptor e unirase mediante cable e de forma directa co ordenador.

A empresa Eurona Telecom Galicia é a responsable do despliegue e implantación da rede troncal a Pico de Meda , donde se toma o sinal de banda ancha que provén da Coruña, e repártese por todos os núcleos de poboación do concello, o que permite levar a rede de acceso ao servizo ao usuario final.

Esta empresa a través dun convenio asinado co concello, tamén se encarga da explotación da rede, do mantemento e monitorización da rede os 365 días do ano, do coste do caudal de internet utilizado para dar servizo á infraestrutura, e da alta e instalación do servizo nos usuarios finais.